



Orde do __ de _____ de 2025 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2025 (código de procedemento ED305F).

Actualmente a [Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, EDUlingüe2030](#) para o fomento e a mellora do plurilingüismo no ensino non universitario, contempla medidas e accións para mellorar a competencia lingüística do alumnado galego en linguas estranxeiras. A [liña de impacto 7 -Programa de inmersión lingüística activa-](#) contempla estadias no estranxeiro que permitan a formación integral do alumnado para o seu enriquecemento persoal, académico e profesional. Por outra banda, na [liña de impacto 8, "Acción para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios"](#), conflúen un abano de programas que promoven estas modalidades de estadias en réxime de reciprocidade.

Para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a mobilidade do alumnado e do profesorado representa tamén unha liña prioritaria de actuación. Neste senso, o [programa Galemundo](#), en consonancia coa Estratexia Edulingüe 2030 e coa Estratexia de FP Galicia 2030, [fomenta os intercambios de formación educativa e lingüística no exterior](#), de xeito que se lle facilita ao alumnado e ao profesorado a oportunidade de mellorar as súas competencias en diferentes materias, de realizar prácticas e de observar o proceso de ensino-aprendizaxe no estranxeiro.

PIALE 2025

ESTADÍAS

- Esta Consellería enviou dúas persoas asesoras a inspeccionar o programa o día 31 de outubro de 2024. Mantívose unha reunión o 1 de novembro, previa á chegada do profesorado (3 de novembro), co coordinador da empresa adxudicataria (Tourgalia) e coas empresas subcontratadas in situ (IHOME STAY



e LANGUAGE LINKS).

- Todo o profesorado tiña asignado o seu centro o día 4 de novembro, primeiro día lectivo.
- As familias estaban asignadas o día 1, aínda que se seguía traballando para implementar melloras, moitas das cales se fixeron a demanda do profesorado.
- Non todos/as os/as participantes poden estar con profesorado das súas especialidades, xa que, polo feito de ser diferente, o sistema educativo non contempla certas materias, o que fai moi complexa unha adxudicación específica. Así a todo valórase como positivo que todo o profesorado poida participar.
- A empresa adxudicataria facilitou en varios casos a modificación de centro.
- As persoas asesoras acudiron a todos os centros e tiveron ocasión de intercambiar directamente breves impresións coa maioría do profesorado.
- As persoas asesoras acudiron a dúas visitas programadas a primeira semana, facilitando a transmisión de posibles incidencias, e valoraron positivamente as actividades e a súa organización (visita a Toronto e á torre CN).
- As persoas asesoras facilitaron vías directas de comunicación instantánea.
- Foron facilitadas posibilidades de cambio de familia chegando a acordos cos cambios solicitados.

ORDE

- O profesorado das EOI volve participar na modalidade 1 (francés, portugués e inglés)
- A comisión de selección ten 4 vogais, dos cales 2 son persoal técnico e con competencia en idiomas. Ademais, a comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, así como dunha subcomisión técnica especializada con competencia en idiomas para colaborar na valoración de méritos.
- Aumentáronse 3 prazas en cursos de lingua portuguesa e dúas en lingua francesa atendendo as solicitudes do ano 2024.
- As empresas ven con complexidade a realización de cursos en italiano; caso similar ao que ocorre co alemán, xa que no ano 2024 ningunha empresa concorreu á licitación.



ACORDOS NA COMISIÓN CON PRESENZA SINDICAL 2024

- Con data 30 de abril de 2024, foi convocada polo Servizo de Innovación e Programas Educativos unha reunión onde se trataron os criterios de renuncia do Programa Piale. Nesa mesma reunión, tamén se estableceron os criterios de distribución de prazas. Volverase tratar o tema en futuros encontros.
- Con data 30 de maio de 2024 e 6 de xuño de 2024 convocáronse outras dúas reunións da comisión.

BAREMO

- Anexo II. Apartado 2.6, A baremación de 10 puntos sen ter realizado actividades no estranxeiro a través do programa Piale durante 10 anos, facilita a asistencia de novos/as participantes. Ademais, o punto 1 do artigo 7 establece, a diferenza da convocatoria anterior, a prioridade do profesorado que non participase nas últimas convocatorias, independentemente da modalidade pola que realizase a actividade. Ambos os dous aspectos favorecen a participación de persoas que nunca asistiron á actividade.

FASE B

- Nas 5 horas de presencialidade obrigatoria o profesorado será informado das rúbricas do recurso educativo aberto e da memoria de difusión.